

, 1 novembro de 1932.

Querido Ricardo:

Ainda hoxe me foi entregada a tua carta do 19 derradeiro, dirixida a-o Pueblo. Das outras cartas non sei, pois e a primeira que recibo d-ese Grupo, despois das que teño escrito a Valerio, en resposta a outras d-él.

Da Segredaría de Propaganda encargouse de novo Nuñez Búa, a-o que trasladaréi a túa petición. Mellor será que indiques xa o día, e porto que vides desenrolando unha laboura dinámica, podees orgaizar outro pol-a tarde n-un pobo perto d-esa vila. Dende logo conven que vaian a-o mitin Picallo e Castelao, e cecais Doveda. Eu iréi na segunda tanda, pra outra que se orgaice.

Felicítalos cordialmente por esa actividade. Non agardabamos tanto, os que do Ferrol tiñamos coñecimento antigo e certo. Adiante, pois.

Farei mañan a xestión que encargas pra a administración do Pueblo.

Lembranzas a todol-os irmáns d-ese ppuxante agrupamento e ti recibe unha forte aperta do teu sempre amigo e compañeiro,

Sr. don Ricardo Carballo Valero